



ARQUITECTURA
INDIANA
TOMIÑO

CASA DO SERAFÍN

A pegada das Américas



Localización:

Coordenadas 41.975302, -8.761720

Tipo de ben: vivenda

Concello: Tomiño

Parroquia: Estás

Lugar: Igrexa

Cronoloxía: 1911

Construtor: descoñecido

Promotor: José Benito Domínguez

Propiedade: privada

Uso actual: habitada

Estado de conservación: regular

Comentario e descrición

Vivenda unifamiliar de planta cuadrangular e tellado a cinco augas con engadido abufardado na parte posterior. Estrutúrase en dous andares máis bufarda, como se pode ver na fachada principal, articulada en tres rúas verticais. As dúas laterais presentan dous vans cada unha, e na central dispóñense unha porta de entrada e dous vans con balcón, un deles na bufarda.

Nesta construción combínase o emprego da pedra e do cemento. Este último é un elemento característico da arquitectura indiana, xa que permitiu, sen altos custos, elaborar decoracións minuciosas que lle daban aos edificios un aspecto máis aparente, xa que no caso de ter utilizado a pedra ou a madeira tería sido un traballo máis dificultoso e caro. Segundo se recolle na publicación *Casas indianas. Pontevedra*, editado pola Xunta de Galicia, o promotor da vivenda tamén era construtor, polo que coñecía as posibilidades que este material lle podía ofrecer.

Exemplos deste emprego ornamental do cemento obsérvanse na fachada principal nos balcóns decorados con motivos xeométricos, florais e vexetais, e nas molduras que coroan os vans do segundo andar, que tamén presentan, en relevo, cabezas zoomorfas e antropomorfas. Estes motivos decorativos son propios do estilo modernista.

Os balcóns, ademais de destacarse estrutural e ornamentalmente, presentan o que parecen ser as iniciais do promotor e a data de construción, elementos moi comúns nos edificios indianos, así como o emprego de cores para pintar os paramentos murais. Neste caso azul para a fachada principal e ocre para unha das fachadas laterais, aínda que non se poida saber se estes eran os tons orixinais.

No exterior aprécianse pequenas modificacións, por exemplo a substitución das ventás orixinais por unhas de aluminio, así como a tapia dun van na fachada lateral, seguramente por reordenación da distribución interior.

O promotor da vivenda foi emigrante en Brasil.

Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: *Casas de indianos*. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: *Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación*, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: EST-03

Tomiño
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA